

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Concedidos pola Asociación Galega de Editores (AGE)

Entregados os Premios da Edición 09

Os galardoados foron Alberto Lema, Alonso Montero, Rosa Aneiros, Millán Picouto, Fran Alonso, Eva Almazán, Gabriel Pacheco e as Fotobiografías sonoras de Ouvirmos.

Redacción - 14:15 20/12/2009

O gremio editorial galego celebrou este sábado á noite en Ourense a V Noite da Edición de Galiza, unha gala coa que a [Asociación Galega de Editores \(AGE\)](#) reúne anualmente a todos aqueles que traballan no eido do libro, a súa produción e a súa edición. No acto entregáronse os Premios da Edición 2009, concedidos polos propios editores.

O evento está patrocinado polo Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO) e tivo lugar no Liceo de Ourense. Nel participaron destacadas autoridades do mundo do libro, da cultura e da política do país.

Estivo presidido por Alfonso García Sanmartín, presidente da AGE, e contou coa presenza dos conselleiros de Cultura, Roberto Varela, e de Educación, Xesús Vázquez; do alcalde da cidade, Francisco Rodríguez; do presidente da Deputación, Xosé Luís Baltar; e do director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López.

Nesta V Noite da Edición, conducida polo xornalista Camilo Franco, foi homenaxeada no apartado da Edición Histórica a editorial Nova Galicia Edicións, que conta un cuarto de século de vida. Tamén se recoñeceu o traballo e a traxectoria profesional do escritor Marcos Valcárcel.

PREMIADOS

O **Premio Francisco Fernández del Riego** recaeu na empresa de telecomunicacións R pola promoción da lingua galega na súa comunicación.

Tralas votacións dos membros do xurado composto por editores, escritores, ilustradores e xornalistas, entre outros, resultaron gañadores das categorías contempladas nos Premios da Edición 2009:

Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción do ano para a obra *Sidecar*, de Alberto Lema (Galaxia).

Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción do 2009 para *Cartas de republicanos galegos*, de Xesús

Alonso Montero (Xerais).

Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía ou teatro do ano 2009 para *Ciclo de Xúpiter*, de Millán Picouto (Ediciones Linteo).

Premio Xosé Neira Vilas ao Libro infantil e xuvenil para *A araña e máis eu*, de Fran Alonso (Kalandraka Editora).

Premio Lois Tobío ao Libro traducido do 2009 para *Contos completos de Allan Poe*, traducidos por Eva Almazán (Editorial Galaxia).

Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro ilustrado do ano para *A grande viaxe*, de Gabriel Pacheco (OQO Editora).

Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao autor ou autora do ano para Rosa Aneiros.

Premio Rosalía de Castro á iniciativa editorial do 2009 co que se pretende recoñecer as editoriais que teñan destacado en novos proxectos de carácter renovador para as Fotobiografías sonoras de Ouvirmos.